


**CONCELLO
DE VIGO**





**VIGO
EN GALEGO**



Programación do Concello de Vigo

Letras Galegas maio 2021

Xela Arias



Xela Arias Castaño naceu en Sarria en 1962. Filla de Amparo Castaño e do escritor Valentín Arias, foi unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea e sobresaíu tamén como editora e tradutora.



(Fonte da imaxe: Galipedia)





Sábado, 15 ás 12:30 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Contos de mascotas que contan

Contada para público familiar a partir de 3 anos; por Nanda Misa
Duración aproximada: 50 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do luns 10 de 8:00 a 20:00

"Contos de mascotas que contan"



En "Contos de mascotas que contan" quérovos presentar a unha chea de animalíños adorables. Un deles é unha mascota que aínda non é porque só está nos soños de quen a desexa moito moito, moito...

Outra é unha mascota diferente e moi pouco común pero non por iso menos especial.

Tamén temos unha mini mascota que se merece un mini conto e temos ata unha mascota de trapo que é tan adorable que está sempre chea de bicos e aloumiños.

Din que ter unha mascota e ter un amigo e estes contos están cheos de amigos...



Domingo, 16 ás 11:15 no Auditorio Municipal (praza do Rei, nº 1)


Xogo das letras

Dirixido a familias con nenos e nenas entre os 6 e os 10 anos (participarán no xogo tanto as persoas adultas como os/as nenos/as)

A dita actividade realizarase seguindo todas as recomendacións sanitarias polo que é preciso portar máscara.

Duración: de 11:15 a 12:45

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do luns 10 de 8:00 a 20:00





Cómpre a inscrición previa para distribuír as e os participantes por equipos familiares.

A actividade consiste nun xogo de probas e preguntas por equipos, co Día das Letras Galegas e **Xela Arias** como temática principal.

Cada equipo irá tirando por quendas un dado de grandes dimensións no que figuran varias accións diferentes:

DEMOSTRA O QUE SABES, PROBA, PICTIONARI, SORPRESA, A CREAR

Por cada proba superada ou pregunta respondida correctamente, o equipo recibirá unha puntuación determinada que irán acumulando.

Cada equipo recibirá ao final do xogo un PREMIO de acordo coa puntuación total acadada.

Trátase dunha actividade 100 % participativa que consegue que as persoas aprendan mentres se divirten a través do xogo. Sorprendentemente envoltos no xogo converteranse en escritores/as, actores/as, ilustradores/as, cantantes... pasándoo en grande durante o proceso.

Durante o xogo, os/as nenos/as, e tamén as persoas adultas, aprenderán moito sobre **Xela Arias**, homenaxeada deste ano, sobre o seu legado literario e descubriremos momentos importantes na súa vida e curiosidades sobre ela e outros/as homenaxeados/as.

Domingo, 16 ás 12:45 no Auditorio Municipal (praza do Rei, nº 1)

Concerto "O soño dos golfiños" do grupo Golfiños

Para público familiar a partir de 3 anos

Duración: 45 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do luns 10 de 8:00 a 20:00



Cun ollíño aberto e o outro pechado os golfiños dormen, sempre atentos, dispostos a



saltar en calquera momento e chegar ás nubes máis altas cos seus brincos, buscando o seu soño... Neste espectáculo Os Golfiños viaxarán por un mar de músicas cun repertorio moi variado, cantando novos temas e lembrando as súas cantigas de sempre. Enriba do escenario, un teclado (Jesús Moares Lameiro) e a voz de Elena Paz.

Nesta viaxe, na procura do soño dos golfiños haberá tempo para bailar, xogar, cantar, rir e soñar, gozando todos e todas en familia deste divertido concerto. Unha oportunidade para volver a casa feliz, cun sorriso nos beizos, cantarruxando novas melodías, e valorar esas pequenas cousas da vida que nos unen. Soñemos cos Golfiños...

Luns, 17 de maio ás 20:00 no Auditorio municipal (praza do Rei, nº 1)

Vencerse é cousa de se tratar

Peza escénica para público adulto, por MARE coordinación e produción
Duración: 1 hora

Entrada libre ata completar a capacidade do auditorio. Apertura de portas: 19:30



A obra materialízase nun acto tremendamente quebrantador, que traslada ao espectador ao núcleo da emoción irracional, onde ten cabida un diálogo interno no que a propia autora, por voz propia e a través da intervención dos diferentes elementos escénicos, acompáñanos a percorrer as temáticas máis recorrentes na súa obra.

No ano 2003 a poeta Xela Arias preparaba as presentacións do seu derradeiro libro *Intempériome* xunto ao músico Fernando Abreu coa idea de mesturar as dúas artes dende un punto de vista contemporáneo con espazo para improvisación libre e a palabra.

Como parte do traballo previo e co fin de analizar a emoción, o ritmo e o carácter dos recitados de Xela Arias, Fernando Abreu gravou os poemas do libro na propia voz de Xela. Aquelas gravacións que só tiñan a intención do estudo acabáronse por se converter nun documento único.



O nomeamento de Xela Arias como homenaxeada na edición do ano 2021 do Día das Letras Galegas é a ocasión perfecta para que este proxecto se converta nun espectáculo escénico no que Fernando Abreu mestura palabra, música e imaxe.

Mércores, 19 ás 18:00 na Biblioteca municipal Xosé Neira Vilas (Avda. de E. Martínez Garrido, 21)

Arredor de Xela

Contada para público familiar a partir de 5 anos; por Raquel Queizás
Duración aproximada: 45 minutos

Para inscribirse (a partir das 10:30 do 4 de maio) pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a bpneiravilas@vigo.org (indicando os seus datos nome, apelidos, idade, enderezo, teléfono e correo electrónico) ou a través do teléfono 986 26 77 59. As prazas cóbrense por orde de inscrición



Sábado, 22 ás 12:30 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Un ceo de palabras

Contada para público familiar a partir de 5 anos; por Ana Facchini
Duración aproximada: 45 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do luns 17 de 8:00 a 20:00



SINOPSE:

“*Máis arriba das palabras, hai un ceo de palabras e as palabras non existen*”. Xela Arias regalounos un cento de versos e poemas, pero primeiro foron os contos que empezou a escribir dende moi pequena e as historias do avó Manuel, alá na aldea; uns contos, coma estes, cos que hoxe queremos encher un ceo de palabras para ela.

Domingo, 23 ás 12:30 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Arredor de Xela

Contada para público familiar a partir de 5 anos; por Raquel Queizás
Duración aproximada: 45 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do martes 18 de 8:00 a 20:00





Sábado, 29 ás 12:30 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Contos diversos

Contada para público familiar. Recomendada para crianzas de 3 a 9 anos; por Miguel Anxo

Duración aproximada: 45 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do luns 24 de 8:00 a 20:00



Contido: Realización dun conta contos no que a través da participación activa das familias nas diferentes historias a través de xestos, movementos e verbalizacións, foméntanse aspectos relacionados cos valores da igualdade, respecto á diferenza e a diversidade. Ademais tamén se traballa vocabulario en lingua galega, os números, as vogais; así como a motricidade e a coordinación.

A idea é trasladar a toda a comunidade **que a diversidade é positiva, a violencia nunca é un recurso e o respecto é o eixo das relacións entre os homes e as mulleres. Poñendo en valor a figura de Xela Arias neste sentido.**

Obxectivos:

- Educar nos valores de igualdade e diversidade de xénero.
- Fomentar a importancia de construír a propia identidade libre de estereotipos de xénero.
- Asociar a diferenza e a diversidade a aspectos positivos.
- Fomentar a creatividade na rapazada.
- Xerar relacións baseadas no bo trato e respecto mutuo.
- Identificar os diferentes sentimentos (medo, tristeza, lelicia...) e profundar na educación emocional dende unha perspectiva de xénero.
- Traballar vocabulario na lingua galega.
- Pór en valor a nosa lingua.
- Pór en valor o conto e a poesía como ferramenta transformadora da realidade e elemento moi válido para a aprendizaxe.
- Fomentar a lectura e o uso da imaxinación.



Domingo, 30 ás 12:30 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Xela Arias, liberdade, solidariedade e amor pola lingua

Contada + Ilustración para público familiar a partir de 5 anos; por Polo Correo do Vento
Duración aproximada: 60 minutos

A inscrición tramítase unicamente a través do Servizo de Atención Telefónica do Concello de Vigo - 010 (desde teléfono móbil: 986 81 02 60), a partir do martes 25 de 8:00 a 20:00

